

INFORMACIÓN PARA PACIENTES DE CONSULTAS EXTERNAS E PROBAS



**NON ACUDA SE
TEN SÍNTOMAS
DE INFECCIÓN POR
COVID-19**

Se presenta síntomas compatibles cunha posible infección por COVID19 contacte co seu médico de Atención Primaria e non acuda ao centro hospitalario.




**SEXA
PUNTUAL**

Sexa puntual co horario da súa cita. Acceda ao centro só nos dez minutos previos á súa hora de citación. Se chega antes, agarde no seu vehículo ou nas zonas de acceso.



**ACUDA
SÓ**

Acuda só ou, se é estritamente necesario, cun só acompañante.



**MANTEÑA SEMPRE TRES ASENTOS BALEIROS ENTRE
PACIENTES OU DOUS METROS DE DISTANCIA.**



**USE
A MÁSCARA**

Acuda ao centro portando unha máscara cirúrxica.



**LAVE
AS MANS**

Nas zonas de espera atopará dispensadores de solución hidroalcohólica. Realice hixiene de mans antes e despois de realizar a consulta ou proba que teña programada.



**NON SE QUEDE NAS
ZONAS DE ESPERA.
AGARDE A SÚA CITA
TELEFÓNICA**

Unha vez realizada a consulta ou proba abandone a zona e non ocupe as salas de espera. A súa cita posterior será tramitada directamente polo servizo de Admisión, e chegaralle de forma automatizada por sms ao seu teléfono móbil.